



# PLAN DIGITAL

## CEIP 0 Castiñeiro

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

CEIP O Castiñeiro

Rúa Castiñeiro Nº 1, Laza - 32620 - Ourense

988 42 20 14

[ceip.castinheiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.castinheiro@edu.xunta.gal)

[www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasinheiro](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasinheiro)

Oferta Educativa: Eucación Infantil e Educación Primaria

Número de alumnado: 37

Número de profesorado: 4 mestres/as, 1 mestra PROA+, 1 mestra especialista PT (itinerante), 1 orientadora (itinerante) e 1 mestra de relixión (itinerante)

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.

No marco socioeconómico atopámonos en Laza cun concello de carácter rural, no que as actividades tradicionalmente incluídas nos sectores secundario e terciario teñen escasa importancia, limitándose a algunhas industrias artesanais de explotación familiar.

Estamos ante unha zona eminentemente agrícola-gandeira, carente de industrias.

No eido cultural, cabe reseñar as carencias: non hai biblioteca pública, non hai ximnasio nin clubs federados, non existen centros para continuar estudos...

Cabe destacar, nembargante, o fondo arraigo de tradicións ancestrais como o Entroido ou festas coma as do Santo Cristo e outras.

- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa.

#### **Traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías**

No noso centro existe dende hai bastantes anos un consenso de toda a comunidade escolar, impulsada dende a dirección, de introdución das TIC na práctica educativa cotiá do centro. Este consenso levounos a levar adiante accións en tres frontes para acadar un uso normalizado das mesmas. Nun primeiro lugar para ter unha dotación de equipamentos

suficiente, tanto a nivel de adquisicións propias (PDI, ordenadores e proxectores en cada aula, dotación dunha sala de recursos para profesorado...) como participando en diversos programas de innovación educativa como Abalar dende a súa creación. Dende a Biblioteca Escolar se realizouse unha importante achega de recursos, aínda que se deu de baixa o PLAMBE que imos solicitar para o vindeiro curso (tablets, ordenadores de sobremesa...) e se acadaron doazóns de institucións (ANPA) que nos permitían, agora xa non, contar cunha dotación suficiente na aula de informática. Nun segundo plano fomentouse a formación do profesorado no emprego das novas tecnoloxías. Neste eido subliñar os traballos realizados dende hai máis de 20 anos, con Clic 2.0, Jclic, EdILIM, Ardora, HotPotatoes, eXelearning, Moodle, etc. A participación na formación do profesorado sempre foi maioritaria e permitiu ir avanzando aos poucos na elaboración de produtos educativos propios e na incorporación destes na práctica educativa cotiá. A pandemia incrementou o compromiso coa formación do profesorado e o uso que se fai no centro da aula virtual. Tamén nestes últimos anos e á calor das necesidades de comunicación xeradas polo confinamento, fíxose evidente a necesidade do uso das canles corporativas para evitar o emprego de mensaxerías comerciais, feito que se viu reflectido na elaboración e aprobación dun plan de comunicación no curso 20-21. O terceiro eudo no que se ten traballado é na creación dun espazo web e un perfil en redes sociais (Facebook, Instagram) que achegue unha imaxe dinámica do centro, amose as súas actividades dun xeito aberto e democrático, permitindo a todos os usuarios coñecer os nosos documentos, programacións e actividades. Os programas relacionados coas novas tecnoloxías nos que participa o noso centro son Abalar e distintas actuacións relacionadas coa biblioteca escolar, como son os programas de Radio Escolar, a robótica, programación.

#### Programas de innovación nos que participa:

- Proxecta+: Aliméntate ben (modalidades: Xermoliño-Xermolón, Froita na escola) e Proxectos de vida activa e deportiva - PVAD (Milla diaria).

#### ● Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O Plan Dixital de Centro, sen dúbida, vai influír en diferentes aspectos na Programación Xeral do vindeiro curso, xa que nel van reflectidos distintos compromisos de formación e de actuacións que terán que ter a súa cabida na PXA, en tanto serán eidos primordiais das actividades de formación do vindeiro curso académico. Por outra banda, cada ciclo terá que determinar, tal e como se verá nos obxectivos deste plan dixital, os contidos a traballar co alumnado para a realización do itinerario de formación básica en contornos dixitais. Estes contidos serán integrados nas Programacións de Aula e farase referencia a eles na propia PXA coma obxectivos de ciclo.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### 1.4. Proceso de elaboración

Este Plan Dixital foi elaborado polo Coordinador e os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital entre o mes de decembro de 2021 e xuño de 2022, mediante: a realización, recollida de información e análise do Informe SELFIE (novembro-décembro 2021), a realización, recollida de información e análise do Informe grupal de Competencia Dixital Docente (febreiro-marzo 2022), a realización do Informe DAFO (marzo-abril 2022) e o establecemento dos Obxectivos do Plan de Acción (abril-maio 2022).

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos.**
  - **Conectividade:** fibra óptica, rede local cableada ata 1GB de velocidade, Wifi rede móbil (velocidade de ata 300 MB).
  - **Infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos):** 1 liña fixa de voz (teléfono fixo) cableada; conexión de internet rede local cableada en 2 aulas, dirección, biblioteca e wifi a través de router e puntos de acceso en todas as aulas.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:** aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos ultraportátiles para aula móbil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.  
Recursos dispoñibles (enviados pola Xunta)

- Aulas dixitalizadas: 1 (Aula dixital mixta de 4º, 5º, 6º de EP).
  - Equipos de xestión e administración: 1 (Dirección).
  - Uso na biblioteca: 1 (Proxecto Meiga)
  - Equipos para usar na salas de profesorado e departamentos: 2 (ordenadores de sobremesa).
  - Equipos ultraportátiles para aula móbil.
  - Aulas de informática e dotacións para proxectos específicos: 2 portátiles alumnado vulnerable.
- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente.
    - Páxina web do centro, Aula Virtual e Abalarmóbil.
  - Xestión do mantemento do equipamento do centro.
 

O mantemento do equipamento do centro faise a través do equipo do TIC, que canaliza as incidencias cos equipos para transmitirllas ao coordinador do mesmo. Tras unha primeira análise da incidencia, e no caso de que requira unha intervención especializada, o coordinador ponse en contacto co servizo de pago ou coa UAC (dependendo da orixa da incidencia) e tómanse as medidas que indiquen os servizos especializados.

    - Equipos: Empresas de reparacións privadas.
    - Rede local e wifi: Xunta de Galicia.
  - Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.
    - [www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastinheiro/?q=mpde/142](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastinheiro/?q=mpde/142)

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Media das respostas (sobre 5) por área e grupo do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Directivo	3,4
	Profesorado	3,4
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	4,4
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3,4
	Profesorado	3,5
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4,2
	Profesorado	4,2
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4,3
	Profesorado	4,4
	Alumnado	4,2
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	4,4
	Profesorado	3,8
	Alumnado	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	4,1

H- Competencias dixitais do alumnado	Profesorado	4,3
	Alumnado	-
	Equipo Directivo	3,1
	Profesorado	3,1
	Alumnado	3,6

Táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	2	100,00%
PROVISIONAL	1	1	100,00%
INTERINO	2	2	100,00%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	81,8	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	84,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0,00%
A2	1	20,00%
B1	3	60,00%
B2	1	20,00%
C1	0	0,00%
C2	0	0,00%
TOTAL	5	100,00%

Outras fontes empregadas:

- Análise cuantitativa.
- Análise caulitativa.
- Análise dos “3 porqués”.

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	ACCESO A INTERNET	DISPOSITIVOS PARA O ALUMNADO, PROTECCIÓN DE DATOS, BRECHA DIXITAL (APOIO PARA ABORDAR RETOS), ASISTENCIA TÉCNICA
	PERSOAL DOCENTE	NOVAS MODALIDADES DE ENSINO E INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS	TEMPO PARA EXPLORAR O ENSINO DIXITAL
	PERSOAL NON DOCENTE	-	-
	ALUMNADO	HABILIDADES DIXITAIS PARA DIFERENTES MARERIAS	DISPOSITIVOS PARA O ALUMNADO, RESOLVER PROBLEMAS TÉCNICOS, APRENDER A CODIFICAR OU PROGRAMAR, COMPORTAMENTO RESPONSABLE.
	FAMILIAS	-	-
	OFERTA	NOVAS MODALIDADES DE ENSINO	-
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	NOVAS MODALIDADES DE ENSINO, DOCUMENTACIÓN DA APRENDIZAXE	EXPERIENCIA DIXITAL, BRECHA DIXITAL (APOIO PARA ABORDAR RETOS)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-	ASISTENCIA TÉCNICA
	LEXISLACIÓN	-	PROTECCIÓN DE DATO
	CONTORNA	-	APRENDER A CODIFICAR E PROGRAMAR
	ANPA	-	BRECHA DIXITAL (APOIO PARA ABORDAR RETOS)
	OUTRAS ENTIDADES	-	BRECHA DIXITAL (APOIO PARA ABORDAR RETOS)



### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A análise DAFO, xerada a partir do Informe SELFIE e TCDD, permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver, a partir das Debilidades e Ameazas resultantes na análise DAFO.

Establecéronse 3 obxectivos cos seus respectivos indicadores e valores de partida e de chegada:

- Obxectivo 1: Adoptar metodoloxías activas facilitadas polo uso das TIC (Aprendizaxe baseada en proxectos, aprendizaxe cooperativa, traballo cooperativo...).
  - Indicadores do Obxectivo 1:
    - 1. <50%
    - 2. 50%-75%
    - 3. >75%
  - Valor de partida: 50% dos titores.
  - Valor de chegada: 100% dos titores.
  - Accións para acadar o Obxectivo 1:
    - Planificación de actividades de formación relativas a estas metodoloxías, primando dinámicas de mentorización interna, para contribuir ao incremento da porcentaxe de profesorado que as implementa.
      - Responsable: Equipo Directivo.
      - Temporalización: 01/10/2022.
      - Recursos necesarios: Ferramentas tecnolóxicas precisas.
    - Establecemento de grupos de traballo entre os equipos docentes, para a formación e a posta en práctica de proxectos interdisciplinares
      - Responsable: Equipo Directivo.
      - Temporalización: 01/10/2022.
      - Recursos necesarios: Solicitud do grupo de traballo.
- Obxectivo 2: Aumentar dispositivos que poidan ser usados en calquera espazo do centro.
  - Indicadores do Obxectivo 2:
    - 1. <25%
    - 2. 25%-50%
    - 3. 50%-75%

- 4. >75%
- Valor de partida: 0% de equipamento actualizado.
- Valor de chegada: 75% de equipamento actualizado.
- Accións para acadar o Obxectivo 2:
  - Realización de inventario.
    - Responsable: Equipo Directivo.
    - Temporalización: 30/09/2022.
    - Recursos necesarios: Documento de inventario.
  - Actualización de equipos portátiles que poidan ser usados en cualquiera espazo do centro.
    - Responsable: Equipo Directivo.
    - Temporalización: 15/06/2023.
    - Recursos necesarios: Solicitud.
- Obxectivo 3: Promover a formación para evitar incumplimentos en la Lei Orgánica de Protección de Datos de carácter persoal.
  - Indicadores do Obxectivo 3:
    - 1. <50%
    - 2. 50%-80%
    - 3. >80%
  - Valor de partida: 50% do profesorado non aporta suficientes garantías en canto á custodia dos datos de carácter persoal.
  - Valor de chegada: 80% do profesorado garante a custodia dos datos de carácter persoal.
  - Accións para acadar o Obxectivo 3:
    - Solicitud de formación de Protección de Datos.
      - Responsable: Equipo Directivo.
      - Temporalización: 15/10/2022.
      - Recursos necesarios: Documento de solicitud.
    - Formación en relación á Protección de Datos.
      - Responsables: Profesorado.
      - Temporalización: 15/11/2022.
      - Recursos necesarios: Equipamentos precisos e sesións de formación.

**Para cada obxectivo elaborouse unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.**

Área/s de mellora: Liderado (A)						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Adoptar metodoloxías activas facilitadas polo uso das TIC (Aprendizaxe baseado en proxectos, aprendizaxe cooperativa, traballo colaborativo...)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo				acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	1. <50% 2. 50%-75% 3. >75%					
<b>Valor de partida:</b>	50% dos/das titores/as					
<b>Valor previsto e data:</b>	100% dos/das titores/as			01/10/22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Planificación de actividades de formación relativas a estas metodoloxías, primando dinámicas de mentorización interna, para contribuir ao incremento da porcentaxe de profesorado que as implementa	Equipo Directivo	01/10/22	Ferramentas tecnoloxicas necesarias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Establecemento de grupos			Solicitud do grupo de		Realizada	

de traballo entre os equipos docentes, para a formación e a posta en práctica de proxectos interdisciplinares	Equipo Directivo	01/10/2022	traballo		<b>Aprazada</b>	
					<b>Penden</b>	

**Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)**

<b>OBXECTIVO 2:</b>	Aumentar dispositivos que poidan ser usados en cualquiera espacio do centro		Acadado
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo		acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	1. <25% 2. 25%-50% 3. 50%-75% 4. >75%		
<b>Valor de partida:</b>	0% de equipamento actualizado		
<b>Valor previsto e data:</b>	75% de equipamento actualizado	01/06/23	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A02.1: Realización de inventario	Equipo Directivo	30/09/2022	Documento de inventario		Realizada
					Aprazada
A02.2: Actualización de equipos portátiles que poidan ser usados en cualquiera espacio do centro	Equipo Directivo	15/06/23	Solicitud do grupo de traballo		Realizada
					Aprazada

					Pendente	
--	--	--	--	--	----------	--

Área/s de mellora: Liderado (A) e Desenvolvemento profesional continuo (D)

<b>OBXECTIVO 3:</b>	Promover a formación para evitar incumprimentos en la Lei Orgánica de Protección de Datos de carácter persoal	Acadado
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo e Coordinador/a TIC	acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	1. <50% 2. 50%-80% 3. >80%	
<b>Valor de partida:</b>	50% do profesorado non aporta suficientes garantías en canto á custodia dos datos de carácter persoal	
<b>Valor previsto e data:</b>	80% do profesorado garante a custodia dos datos de carácter persoal	15/12/22

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Solicitud formación protección datos	Equipo Directivo	15/10/2022	Documento de solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Formación en relación á Protección de Datos	Profesorado	15/12/2022	Equipamentos necesarios e sesións de formación		Realizada	
					Aprazada	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Actualización de portátiles que poidan ser utilizados en calquera espazo do centro.
- Dispositivos para a aula de informática.

### 4. Avaliación do plan

Para o seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, aplicarase:

- Unha **avaliación procesual** unha vez ao trimestre. Valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Unha **avaliación final**, a final de curso. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 5. Difusión do plan

O protocolo para a publicidade e difusión do plan dixital será a través do correo electrónico para o profesorado e a través de Abalarmóbil para o alumnado e familias.